

# Selección de textos filosóficos





O 29 de xullo de 2005, á petición do reino de Marrocos, na orde do día da 171ª reunión do Consello Executivo da UNESCO incluíuse un punto sobre a proclamación dun Día Mundial da Filosofía. Acordouse que o Día Mundial da Filosofía podería contribuir a que paulatinamente esta disciplina se introducira nos estudos, para alentar un exercicio reflexivo e crítico do pensamento e a razón. Pola súa parte a UNESCO tomaría disposicións para apoiar as iniciativas emprendidas nos diferentes países e rexións para: actuar como lugar de reunión e foro filosófico, para afianzar ou crear novas redes de filósofos de todas partes do mundo; favorecer o ensino da filosofía nos programas escolares en estreita colaboración cos ministerios de educación de formación superior e investigación; sensibilizar ás escolas para que este Día se celebre da maneira máis ampla posíbel

**Estes textos están  
dedicados á toda a comunidade educativa**

O noso obradoiro é a mente  
O material somos nós  
O traballo na aula, a nosa dignidade

**Feliz Día Mundial da Filosofía!**

Este caderno foi elaborado polos departamentos  
de filosofía do IES de Mugardos e IES Fraga do Eume  
coa colaboración do IES Felix Muriel de Rianxo  
Ilustracións e gravados de Ofelia Lubián



# EPICTETO

35-135 d. C.

## MANUAL DE VIDA

**Moitas circunstancias do noso tempo, tales como a inseguridade ante o futuro, a perda de valores ou a depresión son froito dunha cultura na que o mais importante é o éxito social, económico ou material. Este tipo de situación non é nova; as persoas sempre temimos o fracaso e o desprestixio. A filosofía sempre tivo presentes estas cuestións e plantexouse como axudar ás persoas a superalo. Por iso, a nosa primeira elección son uns fragmentos de Epicteto recollidos no MANUAL DE VIDA, onde nos mostra ferramentas e técnicas de autoconecemento sen moralismo. A súa condición persoal -foi escravo parte da súa vida- e as circunstancias sociais que o rodean reflicten o espírito dunha época de sutil desmoralización e decadencia similar á nosa en moitos aspectos: o helenismo. Dicimos decadencia porque neste tempo acádase o final do modelo grego de cidadáns que participan na xestión da súa polis, de cidadáns activos, como persoas que contan, para converterse en pezas abstractas na engranaxe dun imperio. Pero mellor acheguémonos ás palabras deste filósofo que logrou trascender a súa época para conmemorar o Día Mundial da Filosofía**

**A** felicidade e a liberdade comeza coa clara a comprensión dun principio: algunhas cousas están baixo o noso control e outras non. Só despois de ter lidado con esta regra fundamental e aprendido a distinguir entre o que podemos controlar e que non, será posíbel a tranquilidade interior e a eficacia exterior. Baixo control están os puntos de vista, as aspiracións, os desexos e as cousas que nos rexeitan. Estas áreas representan con bastante precisión a nosa preocupación, porque están directamente á nosa influencia. Sempre temos a posibilidade da elección dos contidos e o carácter da nosa vida interior.

Fóra de control, con todo, hai cousas como o tipo de corpo que temos, o ter nacido na riqueza ou ter que ser rico, como nos ven os outros e a nosa posición na sociedade. Recordemos que estas cousas son externas e, polo tanto, non deben ser a nosa preocupación. Intentar cambiar o que non se pode só nos pode producir tormento. Lembremos: as cousas das que temos poder están naturalmente á nosa disposición, libre de toda restrición ou impedimento; pero as cousas que o noso poder non alcanza son debilidades, dependencias, ou son determinadas polo capricho e accións dos outros.

Lembra, tamén, que se pensamos que podemos tomar as rendas das cousas que por natureza escapan ao noso control, ou tentamos tomar os asuntos dos outros como se fosen propios, os nosos esforzos serán inútiles e nos tornaremos persoas frustradas, ansiosas e criticonas.



### **Ocúpate dos teus propios asuntos**

Presta atención unicamente ás túas verdadeiras preocupacións e dá por sentado que o que pertence aos demais é asunto seu, non teu. Se obras así, serás impermeábel á coacción e ninguén che podera reter. Serás autenticamente libre e eficaz, pois darás bon uso aos teus esforzos no lugar de malgastalos criticando u opóndote aos demais. Se coñeces e prestas atención ás túas verdadeiras preocupacións, nada nin ninguén che fara actuar contra a túa vontade; os demais non poderán ferirte, non gañarás inimigos nin padecerás ningún mal. Se tes o propósito de vivir seguindo estes principios, recorda que non será fácil: deberás renunciar por completo a algunhas cousas e pospor outras por agora. É probábel que debas privarte da riqueza e o poder se queres asegurarte de alcanzar a felicidade e a liberdade



### **Vexamos as cousas tal como son en verdade**

As circunstancias non se presentan para satisfacer as nosas expectativas. As cousas suceden por si mesmas. A xente compórtase tal como é. Aproveita o que realmente obtés. Abre os ollos: tes que ver as cousas tal como son e así aforrarás a dor dos falsos vínculos e da decepción evitábel. Pensa no que te deleita, as ferramentas coas que contas, as persoas a quen queres. Pero recorda que teñen o seu propio carácter específico, o cal pouco ou nada ten que ver coa forma que temos de velo. A modo de exercicio, pensa na cousa

máis insignificante á que te sintas vinculado. Poñamos, por exemplo, que tes unha copa favorita. Ao fin e ao cabo non é máis que unha copa, de aí que se se rompe podas soportalo. Aprende a despedirte das persoas e das cousas. Renuncia ao sentido posesivo do que sucede na túa vida. Tamén isto pasará, podes recordarte. Aproveitando as situacións pero sen apegarte a elas. Cando algo acontece, o único que está na túa man é a actitude que tomas ao respecto; tanto podes aceptalo como tomalo a mal. O que en verdade nos espanta e desalenta non son os acontecementos exteriores por si mesmos, senón a maneira en que pensamos acerca de eles. Non son as cousas o que nos trastorna, senón a nosa interpretación do seu significado. Deixa de asustarte a ti mesmo con ideas impetuosas, coas túas impresións sobre o modo en que as cousas son! As cousas e as persoas no son o que desexamos que sexan nin o que parecen ser. Son o que son.



### **Nin vergoña nin culpa**

Se o que sentimos acerca das cousas é o que nos atormenta, mais que as cousas en si mesmas, resulta absurdo culpar aos demais. Polo tanto, cando sufrimos un revés, unha incomodidade ou unha aflición, non lle botemos a culpa aos outros, senón á nosa propia actitude. A xente mesquiña acostuma culpar aos demais do seu propio infortunio. A maioría da xente cúlcase a si mesma. Quen se consagra a unha vida de sabedoría comprende que o impulso de culpar a algo ou alguén é unha inutilidade, que nada se gaña con culpar, xa sexa aos demais ou a un mesmo. Un dos signos que anuncian o acordar da conciencia moral é a gradual extinción da culpa. Vemos a futilidade da acusación. Canto mais examinamos as nosas actitudes e traballamos sobre nós mesmos, menos susceptíbeis somos de ser varridos por reaccións emocionais tormentosas procurando explicacións fáciles a sucesos casuais. As cousas

son sinxelamente o que son. Os demais que pensen o que queiran; realmente non é asunto noso. Nin vergoña nin culpa.



### **Crea o teu propio mérito**

**N**on dependas nunca da admiración dos demais. Non ten valor algún. O mérito persoal non pode proceder dunha fonte externa. Non o encontrarás nas relacións persoais, nin na estima dos demais. É cousa probada que as persoas, mesmo quen che quere, non estará necesariamente de acordo coas túas ideas, non te comprenderán nin compartirán o teu entusiasmo. Madura! A quen lle importa o que os demais pensen de ti! Crea o teu propio mérito! O mérito persoal non pode alcanzarse mediante a relación con persoas de gran excelencia. Foiche encomendado un labor que debes levar a cabo. Ponte mans á obra, faino o mellor que podas e esquécete de quen poda estar vixiándote. Leva adiante un traballo útil manténdote indiferente á honra e á admiración que os teus esforzos podan suscitar nos demais. O mérito alleo non existe. Os trunfos e excelencias dos outros só a eles pertencen. Do mesmo xeito, as súas posesións poden ser excelentes, pero a túa persoa non alcanzará a excelencia a través delas. Pénsao: que é realmente teu? O uso que fas das ideas, recursos e oportunidades que se che presentan. Tes libros? Leos. Aprende deles. Aplica a súa sabedoría. Teñen coñecementos especializados? Emprégaos a fondo e a bo fin. Tes ferramentas? Tíraas da caixa e constrúe e repara cousas. Tes unha boa idea? Afonda nela e lévaa a cabo. Tira o maior proveito do que tes, do que é realmente teu. Podes estar razoabelmente satisfeito contigo mesmo se harmonizas os teus actos coa natureza mediante o recoñecemento do que en verdade é teu.




### **Evita adoptar os puntos de vista negativos dos demais**

**O**s puntos de vista e os problemas dos demais poden ser contaxiosos. Non cometas sabotaxe contra ti mesmo inconscientemente adoptando actitudes negativas e improdutivas froito do teu trato con terceiros. Se te encontras cun amigo magoado, un parente aflito ou un colega que sufriu un golpe da fortuna, procura non verte superado polo aparente infortunio. Lémbtrate de discriminar entre os feitos en si e a interpretación dos mesmos. Axudar a dar renda solta a obstinados sentimentos negativos non constitúe unha demostración de amabilidade ou amizade para con as persoas por quen nos interesamos. Seremos de moita mais utilidade, tanto para os demais como para nós mesmos, se permanecemos á marxe e evitamos as reaccións melodramáticas. Con todo, se te achas conversando con alguén que está deprimido, magoado ou frustrado, mostra amabilidade e escóitao con compaixón, pero non permitas que acabe por desanimarte ou deprimirte a ti tamén.



### **Interpreta sempre ben o papel que nos teñan asignado**

**S**omos os actores dunha obra. Algúns de nós actuaremos nun drama breve; outros nun longo. Pode que nos asignen o papel de pobre, de tolleito, de distinguida celebridade, de dirixente ou o de cidadán normal e corrente. Non controlamos o papel pero o noso afán debe ser interpretar o papel asignado tan ben como nos sexa posíbel e abstermos de nos queixar do mesmo. Sexa onde for e en toda circunstancia, ofrece unha actuación impecábel. Se tes que ler, entón, le. Se tes que ser escritor, entón, escribe.



## Inmanuel Kant

### Que é Ilustración?

**Kant é o mellor representante do espírito da Ilustración, época de optimismo na que se quere deixar atrás a superstición e a ignorancia. Pero, pode o progreso da ciencia e a tecnoloxía facernos voltar á escuridade de antaño?. Onde se esconden os inimigos das Luces na actualidade? Na uniformidade do pensamento único e, tamén, na excesiva especialización que nos converte en meros funcionarios do saber, delegando a responsabilidade de atrevernos a pensar. Neste sentido as palabras do filósofo revélanse de plena actualidade.**

**A** Ilustración é a saída do home da su culpábel minoría de idade. A minoría de idade significa a incapacidade de servirse do propio entendemento, sen a guía de outro. Un mesmo é culpábel desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón na falta de decisión e valor para servirse por si mesmo del sen a guía de outro. Sapere aude! Ten o valor de servirte do teu propio entendemento! Eis aquí o lema da Ilustración. Preguiza e covardía son as causas de que unha grande parte dos homes permaneza, gustosamente, en minoría de idade ao longo da súa vida, a pesar de que xa fai tempo que a natureza os liberou da dirección allea: e por iso é tan fácil aos outros erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un

libro que pensa por min, un director espiritual que substitúe a miña conciencia moral, un médico que receita a dieta, etc, entón non necesito esforzarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar: outro asumirá por min tan pesarosa tarefa. Aqueles titores que tan bondadosamente tomaran sobre si a tarefa de supervisión encárganse xa de que o paso cara a maioría, ademais de ser difícil, sexa considerado perigoso para a maioría dos homes (e entre eles todo o belo sexo) Despois de ter aparvado aos seus animais domésticos, e procurar coidadosamente que estas pacíficas criaturas non podan atreverse a dar un paso sen os andazos nos que foron encerrados, móstranlles o perigo que lles ameaza se tentan camiñar sós. O certo é que este perigo non é tan grande (...)



## Para rematar, unha achega á poesía e ao amor

### Angelus Silesius

A rosa é sen porqué  
Florece porque florece  
Non presta atención a si mesma  
Non se pregunta se alguén a ve

### O Banquete de Platón

Cando o nacemento de Venus, houbo entre os deuses unha grande festa, na que se encontraba, entre outros, Poros (a Abundancia) fillo de Metis. Despois da comida, Penia (a Pobreza) púxose á porta, para mendigar algunhas sobras. Neste momento, Poros, embriagado co néctar (porque aínda non se facía uso do viño), saíu da sala, e entrou no xardín de Xúpiter, onde o sono non tardou en fechar os seus cargados ollos. Entón, Penia estreitada polo seu estado de penuria, propúxose ter un fillo de Poros. Foi deitarse con el, e fíxose mai do Amor. Por esta razón o Amor fíxose compañeiro e servidor de Venus, porque foi concibido no mesmo día en que ela naceu; ademais de que o Amor ama naturalmente a beleza e Venus é bela. E agora, como fillo de Poros e de Penia, eis aquí cal foi a súa herdanza. Por unha parte é sempre pobre, e lonxe de ser belo e delicado, como se cre xeralmente, é fraco, desaxeitado e sucio, sen calzado e domicilio, sen mais leito que a terra, sen ter con que cubrirse, durmindo á luz da lúa, xunto ás portas ou nas rúas; en fin, o mesmo que a súa mai, está sempre loitando coa miseria. Pero, por outra parte, segundo a natureza do seu pai, sempre á pista do que é belo e bon, é viril, atrevido, perseverante, cazador hábil; ansioso de saber, sempre maquinando algún artificio, filosofando sen cesar, encantador, máxico,

sofista. Por natureza non é mortal nin inmortal pero nun mesmo día aparece florecente e cheo de vida, mentres está na abundancia, e despois extínguese para volver a revivir, a causa da natureza paterna. Todo o que adquire disípaio sen cesar, de xeito que nunca é rico nin pobre. Ocupa un termo medio entre a sabedoría e a ignorancia, porque ningún deus filosofa, nin desexa facerse sabio, posto que a sabedoría é propia da natureza divina, e en xeral o que é sabio non filosofa. O mesmo sucede cos ignorantes; ningún deles filosofa nin desexa facerse sabio, porque a ignorancia produce precisamente o pésimo efecto de convencer aos que non son belos, nin bos, nin sabios de que posúen estas calidades; porque ninguén desexa as cousas das que se cre fornecido. - Pero, Diotima, quen son os que filosofan, se non son os sabios nin os ignorantes? - Até os nenos saben, dixo ela, que son os que ocupan o termo medio entre os ignorantes e os sabios, e o Amor é deste número. A sabedoría é unha das cousas mais belas do mundo, e como o Amor ama o que é belo, é preciso concluir que o Amor é amante da sabedoría, quer dicir, filósofo; e como tal áchase nun medio entre o sabio e o ignorante. Ao seu nacemento débello, porque é o fillo dun pai sabio e rico, e dunha mai que non é rica nin sabia. Tal é, meu querido Sócrates, a natureza deste "demo". En canto á idea que ti te facías, non é estraño que te teña acontecido, porque crías, polo que supoño en vista das túas palabras, que o Amor é o que é amado e non o que ama. Eis aquí, ao meu parecer, porqué o Amor che parecía moi belo, porque o amábel é a beleza real, a graza, a perfección e o soberano ben. Pero o que ama é de outra natureza distinta como acabo de explicar.

